



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2021

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Setembro 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un incremento do 10,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 16,6%.
- O Comercio incrementa a facturación o 6,6% e os Outros servizos o 21,3%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,7% en Galicia e un 3,0% en España respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un incremento do 10,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa seis puntos inferior á do conxunto do Estado, 16,6%.



O *Comercio*, cun crecemento do 6,6%, achega 4,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 21,3% e achegan 6,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 14,0% e nos *Outros servizos* o 22,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 7,5%, co que achega 3,6 puntos a taxa de variación do índice xeral, o *Comercio ao retalho* aumenta o 3,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* incrementa a súa facturación un 3,4%. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 0,1%, o *Comercio por xunto* o 20,2% e o *Comercio ao retalho* o 6,4%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 21,3%. Os sectores que amosan mellor comportamento son: *Transporte*, cun crecemento do 25,7%, co que achega 3,8 puntos, *Hostalería*, que aumenta a facturación un 38,4% e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 20,1%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 22,0%. Os sectores con maior crecemento son: *Transporte* (25,8%), *Hostalería* (60,8%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (26,5%).

Nos nove primeiros meses do ano, a facturación no sector servizos crece un 16,3% en Galicia. O *Comercio* crece un 14,1% e os *Outros servizos* un 23,1%. *Comercio por xunto* e *Transporte* son os sectores que máis repercuten no incremento do índice. En senso contrario, nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* diminúe a facturación, -1,1%.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 14,3%; no *Comercio* crece un 15,2% e nos *Outros servizos* un 12,6%. Todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 22,2% no mes de setembro.

O sector que máis contribúe a este incremento é a *Hostalería* (9,3 puntos), cunha taxa do 53,0%.


Nos nove primeiros meses do ano, o índice rexistra unha taxa do 19,0%. O *Transporte* amosa a taxa máis alta, 27,2%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 10,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 22,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de setembro en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (44,0%) e Canarias (34,1%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (6,0%) e Navarra (6,9%).

No que vai de ano, as taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (17,7%) e Galicia (16,3%).

Índices de cifra de negocios. Setembro 2021


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta un 2,7% respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia e un 3,0% en España.



O persoal ocupado aumenta un 1,8% no *Comercio* e un 3,4% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás o *Transporte* (-0,8%). O maior incremento de emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (7,7%).

En España, o persoal ocupado crece un 1,3% no *Comercio* e un 4,1% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas, rexistrándose o maior incremento de emprego na *Hostalería* (6,6%).

Nos nove primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 0,8% e en España o 0,2%. En Galicia o *Comercio* aumenta o persoal ocupado un 0,3% e os *Outros servizos* un 1,3%. A nivel nacional no *Comercio* mantense o emprego (0,0%) e nos *Outros servizos* aumenta un 0,4%.

O maior incremento do emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, 8,1% en Galicia e 4,1% en España. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, -5,0% en Galicia e -4,3% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de setembro con respecto ao mesmo mes do ano 2020. O maior incremento rexístrase en Illes Balears (10,8%). Os menores crecements danse en Castilla y León (1,0%) e Extremadura (1,6%).

No que vai de ano, as comunidades nas que máis aumenta o persoal ocupado son Castilla – La Mancha (1,8%) e Murcia (1,4%). Tres comunidades perden emprego: Canarias (-4,3%), Illes Balears (-1,6%), Castilla y León (-0,5%).

Índices de persoal ocupado. Setembro 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos

que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	134,4	10,6	16,3
Comercio	126,4	6,6	14,1
Venta e reparación de vehículos de motor	105,8	3,4	21,3
Comercio por xunto	133,4	7,5	15,8
Comercio ao retalho	113,9	3,9	7,3
Outros servizos	157,5	21,3	23,1
Transporte	208,6	25,7	36,9
Hostalería	107,5	38,4	13,8
Información e comunicacións	118,0	6,6	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	151,7	20,1	22,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,6	0,7	-1,1
España			
Xeral	123,4	16,6	14,3
Comercio	125,5	14,0	15,2
Venta e reparación de vehículos de motor	119,5	0,1	19,5
Comercio por xunto	134,5	20,2	17,8
Comercio ao retalho	110,0	6,4	8,4
Outros servizos	119,6	22,0	12,6
Transporte	123,9	25,8	16,0
Hostalería	109,0	60,8	27,3
Información e comunicacións	113,8	7,7	4,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	135,4	10,1	11,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,3	26,5	10,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	139,4	22,2	19,0
Comercio	124,0	6,9	14,6
Transporte	173,4	19,2	27,2
Hostalería	121,2	53,0	24,9
Información e comunicacións	117,9	5,7	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	159,7	24,3	21,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	190,7	42,1	22,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	123,4	16,6	14,3
Andalucía	116,9	13,9	12,9
Aragón	130,8	14,7	14,5
Asturias	122,2	8,2	12,2
Balears, Illes	114,8	44,0	17,7
Canarias	105,3	34,1	8,4
Cantabria	136,9	13,2	13,6
Castilla y León	114,7	11,1	15,4
Castilla-La Mancha	131,5	10,3	13,5
Cataluña	119,1	16,2	14,3
Comunitat Valenciana	126,5	16,4	15,8
Extremadura	135,0	15,3	10,8
GALICIA	134,4	10,6	16,3
Madrid	128,0	19,7	15,7
Murcia	121,2	6,0	5,8
Navarra	126,2	6,9	12,5
País Vasco	129,1	14,8	14,6
Rioja, La	135,0	14,5	14,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,2	2,7	0,8
Comercio	109,0	1,8	0,3
Venta e reparación de vehículos de motor	98,4	0,9	-0,4
Comercio por xunto	121,7	2,0	1,0
Comercio ao retalho	103,9	1,9	-0,1
Outros servizos	107,6	3,4	1,3
Transporte	103,8	-0,8	0,0
Hostalería	95,9	3,9	-5,0
Información e comunicacións	115,4	4,4	3,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,0	1,9	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,6	7,7	8,1
España			
Xeral	107,9	3,0	0,2
Comercio	105,3	1,3	0,0
Venta e reparación de vehículos de motor	104,5	0,2	-1,0
Comercio por xunto	107,9	0,6	0,2
Comercio ao retalho	103,8	2,0	0,0
Outros servizos	109,5	4,1	0,4
Transporte	107,9	1,4	-0,2
Hostalería	103,5	6,6	-4,3
Información e comunicacións	113,4	3,4	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,3	1,8	1,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,8	5,5	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,9	3,0	0,2
Andalucía	105,1	3,4	0,4
Aragón	110,5	3,0	0,5
Asturias	107,1	2,7	0,9
Balears, Illes	118,8	10,8	-1,6
Canarias	101,8	1,9	-4,3
Cantabria	108,8	2,8	0,1
Castilla y León	103,6	1,0	-0,5
Castilla-La Mancha	109,4	4,6	1,8
Cataluña	110,1	3,3	0,5
Comunitat Valenciana	107,6	2,5	0,7
Extremadura	105,9	1,6	0,2
GALICIA	108,2	2,7	0,8
Madrid	107,8	2,2	0,3
Murcia	113,9	4,2	1,4
Navarra	108,4	3,4	0,7
País Vasco	105,5	2,1	0,5
Rioja, La	108,5	2,4	0,4

Fonte: INE